

ASUNTO: Aprobación do Plan Económico- Financeiro do Concello de Ames para o período 2019-2020.

EXPEDIENTE:2019/X999/000317.

ANTECEDENTES

O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012 regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, establecendo que “a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”.

Define a estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 desta norma instrumenta tal principio de estabilidade orzamentaria ao fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Administracións Públicas someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria. E o artigo 12, dedicado á regra de gasto, determina que a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

O artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, modificado pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos no este artigo.

En base ao disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo con a metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Centrándonos xa no límite da regra de gasto, fai falta sinalar que para o conxunto das administracións públicas, a taxa de referencia a ter en conta para o ano 2018, a efectos de calcular a regra de gasto, é do 2,4% segundo acordo adoptado polo Consello de Ministros.

Con motivo da elaboración e aprobación da liquidación do exercicio 2018 a intervención municipal emitiu os informes correspondentes ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda. Con data de 9 de xullo de 2019, e mediante resolución de alcaldía número 1922/2019 apróbase a liquidación municipal do exercicio 2018 que vén concluír que o seguinte:

- o concello de Ames cumpre co límite da débeda.
- o concello de Ames cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria unha vez efectuados uns axustes, e presenta unha capacidade de

financiamento, desde o punto de vista non financeiro, por importe de 3.646.025,36 euros.

- o concello de Ames incumpre o límite da regra de gasto nun importe de 769.405,06 euros.

En consecuencia, a entidade local debe formular un Plan Económico-Financeiro de conformidade co establecido nos artigos 21 e 23 da LOEPSF e o artigo 9 da Orde do 21 de maio de 2012, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información prevista na LOEPSF.

A aprobación do plan económico financeiro debe permitir ao concello recuperar a situación de cumprimento da regra de gasto, como máximo, a 31 de decembro de 2020.

A nota explicativa da reforma local publicada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas establece respecto diso dos plans económico financeiros que haberán de valorar a aplicabilidade das medidas establecidas no artigo 116 bis da LRBRL. Respecto diso conclúese que, dado que as magnitudes económico financeiras (estabilidade orzamentaria, superávit, remanente de tesourería positivo, cumprimento do período medio de pago, cumprimento do nivel de débeda) deste Concello demostran unha boa situación económica, sen embargo considérase necesario aplicar algunha das medidas do artigo 116 bis, concretamente a que se refire ao incremento de ingresos que lle permita ao concello manter a prestación de servizos tales como os servizos de conciliación e benestar social, e o mantemento e creación de infraestruturas demandadas pola cidadanía, e cumprir coa regra de gasto en 2020.

Da análise da información contida no plan despréndese que as causas que levaron a este Concello a incumprir a variable regra do gasto son as que se indican a continuación:

1. O menor recoñecemento no exercicio de dereitos por subvencións finalistas.
2. Incremento do gasto corrente no exercicio 2019.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que o mantemento do cumprimento do obxectivo da regra de gasto, lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte dentro do límite de variación do gasto computable, e a adopción de medidas que permitan incrementar o gasto en 2020, debido a necesidade de manter os servizos que o concello ven prestando, aumentando a capacidade inversora dun concello que crece cada ano en número de habitantes, e que tiña limitada a súa capacidade de incremento de gasto xa que dende o 2012 ata o 2017 funcionou con orzamentos prorrogados de 2012.

Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se limite a expor a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida que lle permita no 2020 cumprir con este principio.

Deste xeito o Pleno do Concello de Ames con data 31 de outubro aprobou inicialmente a modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, esta modificación implica o incremento do tipo impositivo do IBI do 4,44 % actual para os inmobles de natureza urbana ao 0,50%.

O artigo 12.4 LOEOSF establece que “Cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes na recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra (de gasto) nos anos nos que se produzan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente”.

Esta medida así como a planificación do gasto e dos investimentos nos orzamentos 2019-2020 permitirán ao concello o cumprimento da regra de gasto en ambos exercicios.

Pola intervención e a secretaria municipal emitíuse informe favorable á aprobación deste Plan.

Por todo o exposto propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Económico do Concello de Ames para o período 2019-2020 de acordo co previsto no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira(LOEPSF) por incumprimento da regra de gasto a 31-12-2018.

SEGUNDO.- Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, o Plan queda sometido á mesma publicidade que a prevista no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En aplicación do previsto nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estará a disposición dos interesados na páxina web do concello de Ames, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención do concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a devandita aprobación inicial, poderán os interesados interpor reclamacións ante o Excmo. Concello Pleno, durante o transcurso da referida exposición, de acordo cos supostos taxados no artigo 170 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo RD 2/2004. No suposto de non presentarse reclamacións durante dito prazo, considerarase definitivamente aprobado o Plan Económico Financeiro do Concello de Ames para os anos anos 2019-2020.

TERCEIRO.- O documento aprobado, debe ser a incorporado á plataforma do MINHAC, co aplicativo habilitado (PEFEL2), que facilita a súa incorporación dando así cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012 e artigo 116 bis da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e será remitido ao órgano de tutela financeira da Comunidade Autónoma para o seu coñecemento.

CUARTO.- En aplicación do previsto no artigo 9.3 da Orde HAP/2105/2012, a información a subministrar para o seguimento das medidas previstas farase antes do día 15 do primeiro mes seguinte ao do trimestre.

O alcalde

José M. Miñones Conde

ANEXO

PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO 2019-2020 CONCELLO DE AMES

(art. 21 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira(LOEPSF) : incumprimento da regra de gasto a 31-12-2018)

INTRODUCCIÓN

Antecedentes

O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012 regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, establecendo que “a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”.

Define a estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 desta norma instrumenta tal principio de estabilidade orzamentaria ao fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Administracións Públicas someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria. E o artigo 12, dedicado á regra de gasto, determina que a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

O artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, modificado pola Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumplidora formulará un plan económico-financiero que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos no este artigo.

En base ao disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo con a metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Centrándonos xa no límite da regra de gasto, fai falta sinalar que para o conxunto das administracións públicas, a taxa de referencia a ter en conta para o ano 2018, a efectos de calcular a regra de gasto, é do 2,4% segundo acordo adoptado polo Consello de Ministros.

Con motivo da elaboración e aprobación da liquidación do exercicio 2018 a intervención municipal emitiu os informes correspondentes ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e do límite de débeda. Con data de 9 de xullo de 2019, e mediante resolución de alcaldía número 1922/2019 apróbbase a liquidación municipal do exercicio 2018 que vén concluír que o seguinte:

- o concello de Ames cumpre co límite da débeda.
- o concello de Ames cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria unha vez efectuados uns axustes, e presenta unha capacidade de financiamento, desde o punto de vista non financeiro, por importe de 3.646.025,36 euros.
- o concello de Ames incumpe o límite da regra de gasto nun importe de 769.405,06 euros.

En consecuencia, a entidade local debe formular un Plan Económico-Financiero de conformidade co establecido nos artigos 21 e 23 da LOEPSF e o artigo 9 da Orde do 21 de maio de 2012, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información prevista na LOEPSF.

A aprobación do plan económico financeiro debe permitir ao concello recuperar a situación de cumprimento da regra de gasto, como máximo, a 31 de decembro de 2020.

A nota explicativa da reforma local publicada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas establece respecto diso dos plans económico financeiros que haberán de valorar a aplicabilidade das medidas establecidas no artigo 116 bis da LRBRL. Respecto diso conclúese que, dado que as magnitudes económico financeiras (estabilidade orzamentaria, superávit, remanente de tesourería positivo, cumprimento do período medio de pago, cumprimento do nivel de débeda) deste Concello demostran unha boa situación económica, sen embargo considérase necesario aplicar algunha das medidas do artigo 116 bis, concretamente a que se refire ao incremento de ingresos, por incrementos permanentes de recadación, que lle permita ao concello manter a prestación de servizos tales como os servizos de conciliación e benestar social, e o mantemento e

creación de infraestruturas demandadas pola cidadanía.

Análise das causas do incumprimento da regra de gasto.

O informe emitido pola Intervención Municipal na liquidación e o informe sobre estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra de gasto na fase de liquidación do Orzamento de 2018 pon de manifesto o seguinte:

1. Evolución dos gastos e dos ingresos:

EVOLUCIÓN ANUAL DO GASTO (termos absolutos)

CAPÍTULO	Obrigas recoñecidas (netas)							
	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Media
1. Gastos de persoal	6.815.754,35 €	7.274.892,47	7.284.060,39	7.467.090,90 €	7.681.202,47 €	8.106.181,10 €	7.928.494,91 €	7.344.565,91 €
2. Gastos en bens correntes e servizos	10.456.583,00 €	9.255.339,66	9.646.393,42	10.165.242,86 €	10.447.540,94 €	9.978.675,66 €	9.956.627,76 €	9.733.663,25 €
3. Gastos financeiros	261.760,29 €	173.755,34	164.474,90	69.216,82 €	44.997,32 €	37.745,63 €	306,73 €	124.101,60 €
4. Transfer. Correntes	661.925,89 €	429.531,13	513.515,15	526.989,12 €	663.256,14 €	595.529,42 €	1.046.115,48 €	680.079,62 €
Gasto corrente	18.196.023,53 €	17.133.518,60 €	17.608.443,86 €	18.228.539,70 €	18.836.996,87 €	18.718.131,81 €	18.931.544,88 €	17.882.410,37 €
6. Inversións reais	1.321.174,29 €	1.916.261,31	923.790,41	1.066.836,03 €	838.014,82 €	2.298.710,44 €	2.194.408,08 €	2.472.317,78 €
7. Transfer. de capital	6.345,00 €	-	-	571.447,96 €	160.602,04 €	7.877,45 €	- €	122.665,11 €
Resto de gasto non financeiro	1.327.519,29	1.916.261,31	923.790,41	1.638.283,99	998.616,86	2.306.587,89	2.194.408,08	2.256.897,28
8. Activos financeiros	1.800,00 €	4.287,27	6.000,00	10.348,73 €	2.850,00 €	8.330,00 €	5.880,00 €	3.595,78 €
9. Pasivos financeiros	244.493,48 €	378.163,98	476.957,26	474.561,55 €	675.641,39 €	3.435.745,39 €	- €	681.960,80 €
Gasto financeiro	246.293,48 €	382.451,25 €	482.957,26 €	484.910,28 €	678.491,39 €	3.444.075,39 €	5.880,00 €	685.556,57 €
TOTAL	19.769.836,30 €	19.432.231,16 €	19.015.191,53 €	20.351.733,97 €	20.514.105,12 €	24.468.795,09 €	21.131.832,96 €	20.835.477,00 €

O concello de Ames contaba con orzamentos prorrogados ata o ano 2017, dende o ano 2017 pode observarse como o gasto do concello crece, situándose nos dos últimos exercicios nos 21 millón de euros, parte desta evolución é tendencia, é o caso dos gastos de persoal, outros gastos foron incrementándose en base ao incremento do número de usuarios dos servizos e as novas demandas da sociedade, todo elo acordo co incremento dos ingresos nos últimos dous exercicios. Así mesmo a amortización anticipada no exercicio 2017 do total da débeda con entidades financeiras, permitíalle ao concello destinar no 2018 parte dos recursos destinados á amortización de débeda a mellora da prestación de servizos e á realización de novos investimentos, sen embargo este crecemento estaba limitado pola propia regra de gasto cuxas magnitudes tiñan a súa orixe nos orzamentos prorrogados do ano 2012.

EVOLUCIÓN ANUAL DO INGRESO (termos absolutos)

Capítulo	Dereitos recoñecidos (netos)							
	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Media
1. Impostos directos	7.703.348,71 €	5.823.098,61 €	7.250.369,02 €	7.885.833,62 €	8.132.229,75 €	7.476.330,85 €	8.407.047,20 €	6.875.620,66 €
2. Impostos indirectos	119.648,54 €	-45.163,10 €	-19.074,20 €	143.227,71 €	159.265,41 €	124.223,98 €	226.414,60 €	574.510,94 €
3. Taxas e outros ingresos	5.869.715,43 €	5.806.790,85 €	5.643.991,17 €	5.760.517,89 €	6.027.358,24 €	6.600.745,84 €	6.421.874,93 €	5.327.893,31 €
4. Transf. Correntes	6.868.456,44 €	7.270.523,01 €	7.349.667,24 €	7.464.104,25 €	7.484.256,25 €	9.089.149,25 €	8.588.402,19 €	7.446.950,63 €
5. Ingresos patrimoniais	15.089,86 €	48.376,81 €	33.046,53 €	24.005,12 €	23.390,04 €	26.963,97 €	61.921,13 €	28.337,87 €
Ingresos correntes	20.576.258,98 €	18.903.626,18 €	20.257.999,76 €	21.277.688,59 €	21.826.499,69 €	23.317.413,89 €	23.705.660,05 €	20.253.313,43 €
6. Alleamento de investimentos reais	- €	- €	- €	0	100,00 €	- €	5.825,00 €	127.176,02 €
7. Transf. de capital	546.069,48 €	598.134,21 €	418.166,95 €	1.146.036,66 €	857.644,03 €	728.580,23 €	1.027.700,43 €	1.420.341,02 €
Resto de ingresos non financeiros	546.069,48 €	598.134,21 €	418.166,95 €	1.146.036,66 €	857.744,03 €	728.580,23 €	1.033.525,43 €	1.547.517,03 €
8. Activos financeiros	1.411,14 €	3.638,70 €	6.317,43 €	8.212,12 €	4.731,61 €	7.365,00 €	5.610,00 €	3.411,61 €
9. Pasivos financeiros	1.590.868,69 €	- €	- €	94736,17	200.934,51 €	411.318,78 €	51.143,19 €	552.890,48 €
Ingresos financeiros	1.592.279,83 €	3.638,70 €	6.317,43 €	102.948,29 €	205.666,12 €	418.683,78 €	56.753,19 €	556.302,09 €
	22.714.608,29 €	19.505.399,09 €	20.682.484,14 €	22.526.673,54 €	22.889.909,84 €	24.464.677,90 €	24.795.938,67 €	23.460.628,16 €

No cadro anterior pode observarse como os ingresos correntes evolucionaron de forma positiva dende o ano 2015 a diminución das transferencias correntes en 2018 viuse compensada pola boa evolución dos impostos directos (regularización catastral) . Dende o ano 2016 acódesse de novo ao endebedamento como fonte de financiamento (préstamos provinciais no marco dos Plans Provinciais).

2. Resultado Orzamentario

EVOLUCIÓN DO RESULTADO ORZAMENTARIO

	Evolución do resultado orzamentario							
	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Media
(+) Dereitos rec. netos	22.714.608,29	19.505.399,09	20.682.484,14	22.526.673,54	22.889.909,84	24.464.677,90	23.705.660,05	22.736.451,58
(-) Obrig. rec. netas	19.769.836,30	19.432.231,16	19.015.191,53	20.351.733,97	20.514.105,12	24.468.795,09	18.931.544,88	21.313.829,54
(=) Rtdo. orzament. SEN AXUSTAR	2.944.771,99	73.167,93	1.667.292,61	2.174.939,57	2.375.804,72	-4.117,19	3.664.105,71	1.321.712,09
(+) Gastos financiados con Rte. de Tesourería	121.171,98	- €	121.171,98	0,00	0,00	2.759.497,47	121.171,98	283.910,31
(+) Devs. financ. negativas	645.980,79	1.536.900,31	977.052,45	478.496,20	1.070.660,47	1.148.765,31	1.003.682,85	1.188.538,32
(-) Devs. financ. positivas	360.050,56	691.132,93	752.731,31	864.497,96	1.068.076,71	1.253.370,53	1.000.573,21	1.197.049,73
(=) Rtdo. orzament. AXUSTADO	3.351.874,20	918.935,31	1.891.613,75	1.788.937,81	2.378.388,48	2.650.775,06	3.788.387,33	1.586.095,35

	Variación do Resultado Orzamentario					
	2012	2013	2014	2015	2016	2017
(+) Dereitos rec. netos	991.051,76	4.200.260,96	3.023.175,91	1.178.986,51	815.750,21	-759.017,85
(-) Obrig. rec. Netas	-838.291,42	-500.686,28	-83.646,65	-1.420.189,09	-1.582.560,24	-5.537.250,21
(=) Rtdo. orzament. SEN AXUSTAR	719.333,72	3.590.937,78	1.996.813,10	1.489.166,14	1.288.300,99	3.668.222,90
(+) Gastos financiados con Rte. de Tesourería	0,00	0,00	0,00	121.171,98	121.171,98	-2.638.325,49
(+) Devs. financ. negativas	357.702,06	-533.217,46	26.630,40	525.186,65	-66.977,62	-145.082,46
(-) Devs. financ. positivas	640.522,65	309.440,28	247.841,90	136.075,25	-67.503,50	-252.797,32
(=) Rtdo. orzament. AXUSTADO	436.513,13	2.869.452,02	1.896.773,58	1.999.449,52	1.409.998,85	1.137.612,27

Dende o ano 2012 o resultado orzamentario sitúase en cifras positivas alcanzando no 2018 os 3.788.387,33 euros.

3. Remanente de Tesourería:

COMPONENTES DO REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018
(+) Fondos líquidos	2.528.038,23 €	1.339.858,60 €	3.533.369,55 €	5.795.900,80 €	6.396.321,59 €	7.665.301,97 €	12.174.000,34 €
(+) Dereitos pendentes de cobro	8.528.099,12 €	8.327.456,96 €	7.561.858,25 €	5.646.304,33 €	5.822.687,37 €	6.488.251,55 €	5.509.653,72 €
(+) do orzamento corrente	2.766.780,77 €	1.672.644,67 €	1.313.321,73 €	1.834.983,48 €	1.654.025,89 €	2.517.792,97 €	1.496.284,67 €
(+) de orzamentos pechados	6.620.716,66 €	7.587.731,80 €	7.165.494,77 €	4.283.731,88 €	4.489.611,64 €	4.384.854,71 €	4.740.933,14 €
(+) de operacións non presupostarias	153.341,51 €	122.674,00 €	123.028,26 €	129.344,43 €	129.606,41 €	207.927,59 €	203.524,19 €
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	1.012.739,82 €	1.055.593,51 €	1.039.986,51 €	601.755,46 €	450.556,57 €	622.323,72 €	931.088,28 €
(-) Obrigas pendentes de pagamento	6.890.149,34 €	5.480.275,47 €	5.335.080,45 €	3.581.000,58 €	2.110.366,09 €	4.084.792,54 €	4.025.439,17 €
(+) do orzamento corrente	3.696.738,04 €	2.549.082,48 €	2.470.142,12 €	2.416.476,39 €	694.878,93 €	1.932.557,83 €	1.871.770,21 €

(+) de orzamentos pechados	2.915.878,04 €	2.679.474,98 €	2.685.107,81 €	160.588,56 €	385.988,81 €	381.953,56 €	422.140,99 €
(+) de operacións non presupostarias	367.937,69 €	371.091,01 €	386.758,76 €	1.229.030,95 €	1.240.503,72 €	1.996.254,34 €	1.967.501,85 €
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	90.404,43 €	119.373,00 €	206.928,24 €	225.095,32 €	211.005,37 €	225.973,19 €	235.973,88 €
(=) REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	4.165.988,01 €	4.187.040,09 €	5.760.147,35 €	7.861.204,55 €	10.108.642,87 €	10.068.760,98 €	€ 13.658.214,89
(-) Saldos de dudoso cobro	2.651.235,66 €	3.176.971,05 €	3.238.959,50 €	3.734.662,30 €	3.933.968,15 €	4.016.190,46 €	4.209.140,30 €
(-)Exceso de financiamento afectado	1.324.726,59 €	955.779,92 €	878.626,48 €	813.184,72 €	793.527,66 €	1.178.715,96 €	1.000.291,71 €
(=) RTE. DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (4-5-6)	190.025,76 €	54.289,12 €	1.642.561,37 €	3.313.357,53 €	5.381.147,06 €	4.873.854,56 €	€ 8.448.782,88

COMPOÑENTES DO REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	Variación do Rte de Tesourería para gastos xerais (*) con respecto ao exercicio liquidado					
	2012	2013	2014	2015	2016	2017
(+) Fondos líquidos	9.645.962,11	10.834.141,74	8.640.630,79	6.378.099,54	5.777.678,75	4.508.698,37
(+) Dereitos pendentes de cobro	-3.018.445,40	-2.817.803,24	-2.052.204,53	-136.650,61	-313.033,65	-978.597,83
(+) do orzamento corrente	-1.270.496,10	-176.360,00	182.962,94	-338.698,81	-157.741,22	-1.021.508,30
(+) de orzamentos pechados	-1.879.783,52	-2.846.798,66	-2.424.561,63	457.201,26	251.321,50	356.078,43
(+) de operacións non presupostarias	50.182,68	80.850,19	80.495,93	74.179,76	73.917,78	-4.403,40
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	-81.651,54	-124.505,23	-108.898,23	329.332,82	480.531,71	308.764,56
(-) Obrigas pendentes de pagamento	-2.864.710,17	-1.454.836,30	-1.309.641,28	444.438,59	1.915.073,08	-59.353,37
(+) do orzamento corrente	-1.824.967,83	-677.312,27	-598.371,91	-544.706,18	1.176.891,28	-60.787,62
(+) de orzamentos pechados	-2.493.737,05	-2.257.333,99	-2.262.966,82	261.552,43	36.152,18	40.187,43
(+) de operacións non presupostarias	1.599.564,16	1.596.410,84	1.580.743,09	738.470,90	726.998,13	-28.752,49
(-) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	145.569,45	116.600,88	29.045,64	10.878,56	24.968,51	10.000,69
(=) REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	5.942.654,86	5.921.602,78	4.348.495,52	2.247.438,32	-39.881,89	-3.589.453,91
(-) Saldos de dudoso cobro	1.557.904,64	1.032.169,25	970.180,80	474.478,00	275.172,15	192.949,84
(-)Exceso de financiamento afectado	-324.434,88	44.511,79	121.665,23	187.106,99	206.764,05	-178.424,25
(=) RTE. DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS (4-5-6)	8.258.757,12	8.394.493,76	6.806.221,51	5.135.425,35	3.067.635,82	3.574.928,32

A evolución do remanente de tesouraría tamén é positiva neste último exercicio alcanzando os 3.574.928,32 euros con respecto a 2017, debido a que non se empregou como fonte de financiamento salvo para os investimentos financeiramente sostíbeis.

4. Estabilidade orzamentaria:

Execución a 31 de decembro (liquidación orzamentaria)	Gastos (obrigas recoñecidas netas)	Ingresos (dereitos recoñecidos netos)
Capítulo 1	7.928.494,91 €	8.407.047,20 €
Capítulo 2	9.956.627,76 €	226.414,60 €
Capítulo 3	306,73 €	6.421.874,93 €
Capítulo 4	1.046.115,48 €	8.588.402,19 €
Capítulo 5	- €	61.921,13 €
Operacións correntes	18.931.544,88 €	23.705.660,05 €
Capítulo 6	2.194.408,08 €	5.825,00 €
Capítulo 7	- €	1.027.700,43 €

Resto de operacións non financeiras	2.194.408,08 €	1.033.525,43 €		
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	21.125.952,96 €	24.739.185,48 €	3.613.232,52	Capacidade de financiamento
Capítulo 8	5.880,00 €	5.610,00 €		
Capítulo 9	- €	51.143,19 €		
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	5.880,00 €	56.753,19 €	50.873,19	Saldo financeiro positivo
<i>Total</i>	<i>21.131.832,96 €</i>	<i>24.795.938,67 €</i>		

Resumo de axustes

Saldo non financeiro previo a axustes IGAE	3.613.232,52	
Rexistro en contabilidade nacional de impostos, cotizacións sociais, taxas e outros ingresos.	642.499,33	
Consolidación de transferencias entre administracións públicas	0,00	
Devolución de ingresos	-3.326,53	
TOTAL AXUSTES sobre os ingresos	639.172,80	
Gastos financeiros devengados e non vencidos (xuros)	0,00	
Gastos deveñados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local.	-606.379,96	
TOTAL AXUSTES sobre os gastos	-606.379,96	
TOTAL AXUSTES	32.792,84	
Saldo non financeiro AXUSTADO	3.646.025,36 €	Capacidade de financiamento

O saldo non financeiro axustado mostra unha magnitude positiva en 3.646.025,36 euros. Nos últimos tres exercicios esta magnitude evolucionou de forma favorable de forma que ano tras ano aínda que o gasto non financeiro se incrementa, tamén o fan os ingresos manténdose esta magnitude en estados positivos.

2016: 3.365.952,25 euros
2017: 2.281.545,85 euros.

5. Regra de gasto
Análise do cumprimento do obxectivo de gasto

	2012	2013	Datos de peche 2013 segundo informe TC	2014	2015	2016	2017	2018
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos menos xuros (2)	19.523.542,82 €	17.133.518,60 €	19.049.779,91 €	18.532.234,27 €	19.797.606,87 €	19.790.616,41 €	20.986.974,07 €	21.125.952,96 €
AXUSTES Calculo empregos non financeiros según SEC-95	-1.174.447,57 €	97.930,25 €	-173.755,34 €	-278.318,97 €	-67.935,10 €	-130.683,50 €	-13.584,54 €	606.379,96 €
(-) Alleamento de terreos e demais inversións reais	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(+/-) Inversións realizadas por conta de la Corporación Local	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(+/-) Execución de Aavales	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(+) Aportacións de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(+/-) Asunción y cancelación de débeda	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(+/-) Gastos realizados en el exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	-1.174.447,57 €	97.930,25 €	97.930,25 €	-28.318,97 €	-67.935,10 €	-130.683,50 €	-13.584,54 €	606.379,96 €
(+/-) Pagos a socios privados realizados en el marco de las Asociaciones público privadas	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(+/-) Adquisicións con pago aprazado	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(+/-) Arrendamento financeiro	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(+) Préstamos	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				

(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(-) Inversións realizadas por la Corporación local por conta de outra Administración Pública	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €				
(+/-) Axuste por grado de execución del gasto								
(+/-) Outros (Especificar)					-250.000,00 €			
Empregos non financeiros terminos SEC excepto intereses de la débeda	18.349.095,25 €	17.231.448,85 €	18.876.024,57 €	18.253.915,30 €	19.729.671,77 €	19.659.932,91 €	20.973.389,53 €	21.732.332,92 €
(-) Pagos por transferencias (y otras operacións internas) a outras entidades que integran la Corporación Local	0,00 €	0,00 €		0,00 €				
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de outras Administracións públicas	-1.664.256,00 €	-1.162.011,00 €	-1.162.011,00 €	-1.700.000,00 €	-1.405.337,42 €	-1.671.407,79 €	-2.878.382,99 €	-2.312.469,19 €
Unión Europea							-13.648,80 €	-78.782,12 €
Estado						-11.330,40 €	-13.900,53 €	-13.200,03 €
Comunidade Autónoma	-719.657,00 €	-719.657,00 €	-719.657,00 €	-850.000,00 €	-755.105,11 €	-1.151.551,29 €	-1.222.058,20 €	-580.318,35 €
Deputacións	-944.599,00 €	-442.354,00 €	-442.354,00 €	-850.000,00 €	-647.489,73 €	-493.052,12 €	-1.536.908,90 €	-1.598.572,29 €
Concellos					-2.742,57 €	-15.473,98 €	-91.866,56 €	-10.596,39 €
Outros								-31.000,00 €
(-) Transferencias por fondos de los sistemas de financiación (4)								
Total de Gasto computable do exercicio	16.684.839,25 €	16.069.437,85 €	17.811.943,82 €	16.553.915,30 €	18.324.334,35 €	17.988.525,12 €	18.095.006,54 €	19.419.863,73 €
Total gasto restante Inversións financeiramente sostibles	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	19.298.691,75 €
DIFERENZAS REGRA DE GASTO: Gasto computable exercicio anterior * taxa referencia crecemento - gasto computable exercicio= - CUMPRE + INCUMPRE		-899.043,67 €	843.462,30 €	-1.525.207,68 €	1.555.218,16 €	-665.647,25 €	-271.277,61 €	769.405,06 €
		CUMPRE	INCUMPRE	CUMPRE	INCUMPRE	CUMPRE	CUMPRE	INCUMPRE
% Taxa máxima crecemento permitida exercicio seguinte	1,70%	1,50%	1,50%	1,30%	1,80%	2,10%	2,40%	2,70%
Límite de gasto exercicio seguinte	16.968.481,52 €	16.310.479,42 €	18.079.122,98 €	16.769.116,20 €	18.654.172,37 €	18.366.284,15 €	18.529.286,70 €	19.819.756,43 €

O límite da regra de gasto do 2017 menos o gasto computable do 2018 dá un resultado de 769.405,06 euros o que pon de manifesto o incumprimento desta magnitude.

O importe dos gastos por subvencións finalistas foi substancialmente inferior en 2018 respecto ao ano anterior, existindo unha diferenza de -565.913,80 euros € entre ambos os anos.

Así mesmo os gastos pendentes de imputar ao orzamento obrigaron a realizar un axuste no exercicio de maior gasto por importe de 606.379,96 euros, estes gastos responden fundamentalmente a gastos do capítulo II por importe de 583.839,63 euros, sendo o gasto mais salientable a facturación do 3º trimestre de 2018 do Ciclo Integral da Auga e gastos do capítulo VI por importe de 45.730,55 euros.

Da análise da información anterior despréndese que as causas que levaron a este Concello a incumplir a variable regra do gasto son as que se indican a continuación:

1. O menor recoñecemento no exercicio de dereitos por subvencións finalistas.
2. Incremento do gasto corrente no exercicio 2019.

Sobre a base do exposto, cabe afirmar que o mantemento do cumprimento do obxectivo da regra de gasto, lograríase coa simple aprobación do orzamento do exercicio seguinte dentro do límite de variación do gasto

computable, e a adopción de medidas que permitan incrementar o gasto en 2020, debido a necesidade de manter os servizos que o concello ven prestando, aumentando a capacidade inversora dun concello que crece cada ano en número de habitantes, e que tiña limitada a súa capacidade de incremento de gasto xa que dende o 2012 ata o 2017 funcionou con orzamentos prorrogados de 2012.

Nese contexto, a entidade local deberá elaborar e aprobar un plan económico financeiro que se limite a expor a orixe do desequilibrio en termos de contabilidade nacional e a recoller aquela medida que lle permita no 2020 cumprir con este principio.

Previsións tendenciais de ingresos e gastos

1. Previsión de ingresos e gastos no período 2019-2020.

1.1 Para o ano 2019.

Para o 2019 partindo da última información trimestral remitida o ministerio e tendo en conta os datos da contabilidade podemos estimar que a liquidación amosará os seguintes resultados.

Execución a 31 de decembro (liquidación orzamentaria)	ORN 31,12,2019	DRN 31,12,2019
Capítulo 1	8.597.920,94	7.505.734,24
Capítulo 2	10.569.961,20	102.085,04
Capítulo 3	11.928,76	6.201.782,75
Capítulo 4	953.488,09	8.794.203,71
Capítulo 5	0,00	26.055,92
<i>Operacións correntes</i>	20.133.298,99	22.629.861,66
Capítulo 6	3.025.176,79	0,00
Capítulo 7	0,00	1.089.462,33
<i>Resto de operacións non financeiras</i>	3.025.176,79	1.089.462,33
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	23.158.475,78	23.719.323,99
Capítulo 8	12.000,00	0,00
Capítulo 9	0,00	81.113,61
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	12.000,00	81.113,61
<i>Total</i>	23.170.475,78	23.800.437,60

1.2 Para o ano 2020.

Para este exercicio tívose en conta o borrador de orzamentos do exercicio 2020 que se atopa en elaboración. En canto aos ingresos aplicouse a medida adoptada polo pleno do concello ao ter aprobado inicialmente a modificación ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles, esta modificación implica o incremento do tipo impositivo do IBI do 4,44 % actual para os inmobles de natureza urbana ao 0,50%. O incremento con respecto as previsións iniciais de 2019 cuantifícase en 551.942 euros, si atendemos a recadación líquida.

DENOMINACIÓN	Recadación prevista 2019	Recadación prevista 2020	Diferenza
IBI urbana	5.833.000,00	6.384.942,00	551.942,00

Pola deputación provincial con data de 16 de decembro de 2019, previa consulta deste concello, remitíronse datos de estimación re dereitos recoñecidos netos por este concepto para 2020, unha vez aplicados o novo tipo impositivo, da información remitida resulta o seguinte:

DENOMINACIÓN	Recadación prevista 2019
IBI urbana- Liquidación contraído previo ingreso directo	132.2838,22 euros
IBI urbana- Liquidación contraído previo ingreso recibo	6.491.792,62 euros
Total	6.624.030,84 euros

Nas previsión realizadas neste concepto para 2020 recóllese un importe menor xa que , recollen as mesmas reflexan importes previstos de recadación. O sistema de delegación de competencias implica que o concello contabiliza os ingresos efectivamente entregados pola Deputación no exercicio, as entregas realizadas pola Deputación Provincial nunca alcanzan o 100% dos dereitos recoñecidos netos estimados pola Deputación Provincial no exercicio.

En canto a resto dos ingresos establécense lixeiros incrementos nas taxas e prezos públicos debido ao incremento do número de usuarios en servizos de conciliación, axuda a domicilio, abastecemento ou saneamento.

Tamén se recolle neste exercicio as actuacións previstas para a anualidade 2020, dentro da estratexia DUSI deste concello, para á que se configura un préstamo por importe de 252.200 euros, que xunto co préstamo provincial do POS 2020 por importe de 432.744,96 euros, supoñen un novo endebedamento para o concello. Respecto as transferencias correntes e de capital pode observarse un lixeiro incremento na participación en tributos do estado partindo das entregas do 2019.

En canto aos gastos recóllese incrementos nos gastos de persoal e lixeiros incrementos no gasto corrente, en cantos aos investimentos increméntase a capacidade inversora do concello no que se refire a fondos propios, si ben merman os investimentos financiados con fondos de outras administracións.

A os efectos de determinar tanto as obrigas recoñecidas nestas como os dereitos recoñecidos netos, aplícanse datos de execución dos últimos dous exercicios.

Ingresos:

2.020	Previsións Iniciais	DRN 31,12,2020
Cap 1	8.263.752,88	8.263.752,88
Cap 2	360.800,00	216.480,00
Cap 3	6.545.304,92	6.218.039,67
Cap 4	8.716.503,50	8.280.678,33
Cap 5	62.780,00	59.641,00
Cap 6	0,00	0,00
Cap 7	1.447.233,14	1.374.871,48
Cap 8	12.000,00	11.400,00
Cap 9	684.944,96	400.000,00
	26.093.319,40	24.824.863,36

Gastos

2020	CI	INEXECUCIÓN	INEXECUCIÓN	ORN 31,12,2020
Capítulo 1	8.610.807,48	-1,00	-86.108,07	8.524.699,41
Capítulo 2	11.818.998,61	-14,92	-1.762.878,67	10.056.119,94
Capítulo 3	4.000,00	-86,67	-3.466,92	4.000,00
Capítulo 4	1.239.898,30	-8,42	-104.460,34	1.135.437,96
Capítulo 5	219.092,57	0,00	0,00	219.092,57
Capítulo 6	3.971.879,41	-24,93	-990.189,54	2.981.689,87

Capítulo 7	0,00	0,00	0,00	0,00
Capítulo 8	12.000,00	0,00	0,00	12.000,00
Capítulo 9	66.644,03	0,00	0,00	66.644,03
Total	25.943.320,40		-2.947.103,54	22.999.683,78

2. Previsión estabilidade orzamentaria

